



ACTA DE REUNIÓN

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: Promoción Económica.

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Sala de reunións da antiga Axudantía.

Data: 12/06/2017

Hora: 20:30h.

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada,

Manuela Martínez Souto, a título individual e en representación da asociación Meigas de Sada,

Manuela Blanco Presas, a título individual,

Francisco Rey, en representación de Asociación de Empresarios de Sada,

Francisco Rey Vizoso, acompañante de Francisco Rey,

Fernando Ucha Bellón, en representación de Empresarios de Sada e o colectivo Mariscos de Sada,

Andrés López, en representación do colectivo Mariscos de Sada,

José Manuel Pérez Otero, en representación de Sadamaioría.

e actúa como **secretaria, Tamara Rubiños Varela, do equipo técnico de Deloga S.L.**

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Realización dunha diagnose da realidade socioeconómica, empresarial e do emprego/desemprego no concello de Sada, que presentan os diferentes sectores económicos.
2. Revisión do calendario de eventos de tipo gastronómico e valoración da súa modificación, se procede.
3. Varios.

O Alcalde de Sada dá comezo á reunión coa lectura da orde do día. Antes de continuar, preséntase o interese da Asociación de Empresarios de Sada en formar parte deste Consello Sectorial. Participan nesta sesión en representación da citada asociación: Fernando Ucha Bellón, recentemente nomeado presidente da mesma e Francisco Rey, tamén nomeado recentemente vicepresidente.



En relación ao primeiro punto a tratar, **sobre a situación da realidade socioeconómica, empresarial e do emprego/desemprego no concello de Sada**, xurde unha conversa na cal varias voces coinciden en que a economía de Sada non deben estar baseada só na hostalaría, *“en que veña xente comer. Con este modelo, se se achega moita xente a Sada, Sada vai ben, se non, Sada vai mal”*.

Abórdase que un posible nicho de mercado en Sada é a atención a persoas dependentes. Sobre isto, o Alcalde informa que dende o Concello suxeríuselle á empresa concesionaria que ampliaran en 20 usuarias/os máis o Servizo de Asistencia do Fogar incrementando en 49.000€ o orzamento, e contratando 11 persoas novas tituladas para o desempeño destas tarefas.

Unha das integrantes do Consello mostra queixas coas condicións laborais do SAF. Manifesta que “o salario é de entre 3€ e 5€ hora cun horario de traballo de domingo a domingo: condicións laborais precarias”. Segundo o Alcalde, a xente contratada está contratada por convenio: 13,50€ máis impostos, por hora diúrna e na fin de semana 17€, desprazamentos aparte.

Abórdase tamén o funcionamento da Axencia de emprego municipal, considerando algunhas das persoas participantes que este podería mellorarse dado que se opina que non é moi utilizado entre as empresas sadenses para a busca de persoas desempregadas e a comunicación de ofertas de emprego. Coméntase que, especialmente nos últimos anos, o empresariado tendeu máis ben á busca de persoal por medio de Empresas de Emprego Temporal o que minguou a utilización do recurso municipal. As persoas presentes coinciden en apuntar que dende o Concello debe procurarse responder á demanda de emprego das empresas sadenses, mellorando a comunicación Concello-mercado laboral sadense que permita coñecer as demandas de emprego e de formación por parte das persoas empregadoras, empregadas e desempregadas. Considérase tamén de interese “explorar” novas actividades económicas mediante o aproveitamento dos recursos endóxeos. Por exemplo, tomar como oportunidade a existencia de polígonos industriais preto.

Considérase que é de interese a realización dun traballo de campo que permita analizar a situación das empresas de Sada para saber cuestións como: cantas empresas hai?, cales son os perfís profesionais existentes nestas?, que perfís precisan?, ou, que necesidades de formación teñen?

Todas as persoas presentes coinciden que o mar, entendido como recurso para o desenvolvemento económico, debe ser central no presente e futuro de Sada, “máis alá do seu impacto na hostalaría: pesca, marisco, náutico”. Opínase que debe ser un factor importante para planificar o concello do futuro. Opínase que debe garantirse a sustentabilidade das actividades económicas relacionadas co mar: especialmente a pesca, entendendo que a estrutura desta actividade e o mercado do peixe son diferentes a como era no pasado: *“o “monocultivo” do peixe non pode volver a Sada”*. Considérase que o valor engadido do mar non se está aproveitando en Sada todo o que se deberá, e que non debe venderse a imaxe de Sada e marisco, *“e logo que a hostalaría venda peixe conxelado”*. Opínase que cómpre concienciar á xente e á hostalaría especificamente. En canto ao *“problema na economía de Sada”*, segundo sinala o Alcalde, este non está na hostalaría xa que segundo se desprende das estatísticas de recollida de vidro residual, esta aumentou o que fai intuír un aumento da facturación na hostalaría entre os anos 2015 e 2016.

A conversa grupal deriva cara as melloras de acceso e saída do aparcadoiro da praia de San Pedro, que son explicadas polo Alcalde sobre un mapa. Mostra tamén as melloras para estacionamento de vehículos na zona que vai dende o río ata o campo de fútbol, e entre o río e a Rúa Cambre. Explica que das 350 prazas que na zona de recheo de As Brañas, quedarán menos de 200 útiles, pero con pavimento filtrante de pavicésped e pegadas á beirarrúa. Informa tamén que se están a reordear as prazas entre a pista de patinaxe, o pavillón e a piscina. Na actualidade hai 95 prazas, podendo acadar as 180 mediante recheo. Manifesta tamén que a existencia do aparcadoiro debe ser publicitada. Informa tamén que se quere facer



unha senda peonil que o comunique, “pero protexendo sempre As Brañas”. Algunhas das persoas participantes inciden en que é fundamental recuperar As Brañas. O Alcalde tamén expón o caro que resulta unha expropiación nesta zona e cales son as áreas de actuación pensadas.

Abórdase o problema de seguridade viaria en Sada de Arriba e no Camiño da Queira, debido a que “a xente aparca nas dúas bandas do Camiño da Queira e dificulta a mobilidade”.

O Alcalde dá a coñecer a expropiación da zona onde está situado o centro de día de Mondego.

O Alcalde dá a coñecer tamén a idea de poñer en marcha unha pista de skate, sobre o que, informa, polo momento aínda hai disparidade de criterios sobre que facer e como intervir.

O Alcalde informa tamén de que o edificio do Náutico ten unha sentenza firme de demolición. Expón as posibilidades de demolición que existen: parcialmente, tirando toda a parte de arriba e deixando reducida á metade a parte de abaixo; ou tiralo todo e empezar de cero a reconstrucción. Hai consenso sobre a “nefasta xestión do proceso: recuperación ruínosa do edificio”.

A conversa dá pé a que xurdan opinións sobre a escasa oferta de aloxamento para visitantes en Sada. O edificio do Náutico podería contribuir a minguar esta carencia pero de novo xurde o alto custo da posta en marcha dalgunha actividade no mesmo.

Dáse comezo ao tratamento do segundo punto da orde do día, polo cal se aborda o calendario de eventos de tipo gastronómico do concello. Algunhas das persoas participantes manifestan que a data da Festa da Xiba debe cambiarse porque este produto non pode ser capturado na época do ano na cal se fai a festa. Propón que a festa debería ser anticipada un mes. A totalidade das persoas presentes opinan que se deberían consolidar as festas que saen ben ou que teñen boa acollida, e non cambiar as temáticas das festas anualmente. Especificamente, hai unanimidade sobre a continuación de festas exitosas como a Festa da Xiba, ou a Feira Modernista. Como festa novidosa, o Alcalde destaca tamén: UrbanFeel Festival, o Trouliña Pop, a Cervefeira, e os Cantos de Taberna de Nova Troula. Opina a que a Festa Vintage non tivo tanto éxito.

Nun inciso do tema a tratar, algunha das persoas presentes suxire contar cun local para a realización de cursos de formación mentres non se arranxe o Centro Ocupacional de Osedo. Hai limitacións para a realización de cursos de formación por razóns de espazo: o concello non conta con todas as instalacións que foran desexadas para isto. Ademais, suxírese a realización dun curso de manipulación de alimentos frescos para as persoas que traballen en pescaderías e mariñeiras/os; e outro de temas relacionados co turismo.

Debátese a viabilidade e a plausibilidade e non plausibilidade de volver a impulsar ocio nocturno xuvenil en Sada. Fronte a isto, maniféstase que hai carencia de locais de hostalería que ofrezan: “tapas algo diferentes ao que xa hai, unha cafetería para almorzos de calidade e un local de copas de calidade”.

Reflexiónase sobre o transporte público en Sada financiado municipalmente, o cal se comprende como un tema moi complicado para o Concello. O Alcalde expón que o proxecto “Sadabus” do ano 2011, a día de hoxe non sería funcional. Infórmase que dende o Concello está a intentarse recuperar licencias de taxis. Procurarase que haxa polo menos 2 taxis adaptados, e dar forma a un proxecto de transporte público a demanda en servizo regular: un taxi que pase a determinadas horas e por determinados sitios, sempre sen interferir nas liñas de bus convencionais. Para conseguir isto, o Alcalde informa que inicialmente cómpre recuperar 7 licencias e reunirse cos taxistas para informar e consultar se hai interese



en dispoñer dun taxi adaptado, e despois iniciar o proceso de licitación. O Alcalde defende que esta opción é a mellor posible porque é máis barata e eficaz en tempo e percorrido que o autobús. As rutas a realizar estarían pensadas para a realización de actividades cotiás diúrnas, tales como facer a compra ou ir ao centro de saúde, comunicando Sada e o resto de parroquias. O servizo nocturno non está contemplado.

Ao final da reunión abórdanse outros temas como os problemas de accesibilidade do concello (ancho das beirarrúas, pasos de peóns que esvaran...), ou a recollida do lixo e o cheiro dos contedores. Sobre este último aspecto sinalase a conveniencia de cambiar o modo de organización da recollida do lixo en Sada, aproveitando que neste concello a recollida de lixo é moi barata respecto a outros.

En canto á próxima reunión, decídese que se celebrará o **18 de setembro ás 20:30h.** no Salón de Plenos municipal. En caso de necesidade, procederá a realización de reunións extraordinarias previas a esta data.

De cara aos **temas a tratar na próxima reunión**, acórdase que na próxima reunión cómpre:

- Dispoñer da lista de empresas do concello: censo de actividades económicas do concello.
- Aportar de maneira mensual os datos sobre emprego/desemprego no concello.
- Recoller de todas as concellerías as datas dos seus calendarios de eventos para poder configurar un calendario conxunto.
- Abordar as necesidades de formación para o emprego.
- Suxírese a posta en marcha dun curso de manipulador de alimentos frescos e outro de turismo.
- Valorar a posibilidade de creación dunha cooperativa de servizos de axuda no fogar e atención a persoas dependentes.

Remata a reunión.